


En galego, por que non?



Antón, o pai de Henrique, un neno de sete anos, vai conducindo desde Santiago ata Vigo.

Henrique, o neno, vai canda el no coche.

Chegando a Vigo ocorre un terrible accidente. Antón, o pai, morre no acto, pero o neno segue con vida. Unha ambulancia trasládalo a un hospital vigués.


Os médicos do hospital aténdeno o mellor que poden pero, dado que o caso é especialmente grave, deciden consultar. Póñense en contacto co Hospital Universitario de Santiago e finalmente fan cunha eminencia da Facultade de Medicina.

O estado do neno non aconsella o seu traslado, de modo que a eminencia de Santiago decide desprazarse ata Vigo.

Cando chega, os médicos do hospital de Vigo expóñenlle o caso e agradécenlle que se trasladase aló con tanta urxencia. De feito un dos facultativos preguntalle sorprendido polo seu interese no caso...

E obtén a seguinte resposta:

- Como non vou vir correndo se Henrique é o meu fillo.



Seguramente dirás: unha gaivota.

Ben, resposta correcta.

É unha gaivota común na nosa terra. O seu nome científico é *Larus ridibundus*. Ese apelativo en latín fai referencia ao seu característico grallar, que lembra a risa, por iso *ridibundus*.

De feito en español chámasele *gaivota reidora*, en catalán *gavina riallera*, en francés *mouette rieuse*, en inglés *laughing gull*, en alemán *Lachmöwe*.

Todas esas linguas coinciden en interpretar o grallar da gaivota como unha risa.

Sabes cal é o seu nome común en galego?



En galego, por que non?

Gaivota chorona.

É algo que fai pensar, non é? Un son que outros interpretaron como risa e nós oímos un choro. Creo que se trata dun feito que di moito de nós, do noso carácter.

Os galegos somos un pobo moi duro con nós mesmos, con frecuencia resaltamos o que temos de negativo e somos incapaces de ver as cousas boas. Cústanos moito traballo apreciar o noso. Trátase dun hábito que pode chegar a facernos moito dano. Porque os pobos que se queren, que lle dan aprecio ao seu, son os que perduran. Pensemos no chauvinismo dos franceses, no apego ás propias tradicións de británicos ou estadounidenses, no orgullo dos alemáns, o aprecio aos seus costumes dos xaponeses... Si, sei que se trata de tópicos, e que esas actitudes ás veces foron esaxeradas e conduciron ao imperialismo e á imposición. Pero tamén é verdade que é imprescindible que-reirse un pouco. Do que non me cabe ningunha dúbida é de que só os pobos que se respectan a si mesmos permanecen e progresan, dos que non o fan... non temos noticia porque desaparecen. E ollo, porque apreciar o propio non supón desprezar o dos demais, isto ten que quedar moi claro desde o principio. De feito moitas veces cómpre ser quen de valorar o da casa para tamén poder estimar o de fóra.

Os galegos posuímos algo de capital importancia ao que non lle outorgamos a atención nin o valor que merece. Algo que moi frecuentemente é vítima do noso desprezo: a lingua galega. Unha lingua é sempre unha riqueza, e moitos ven niso un estorbo, un atranco, en definitiva, un choro, como no caso da gaivota.

As linguas, todas as linguas, son instrumentos de comunicación e sobreviven na boca dos falantes. Se unha lingua non se usa, morre. O galego goza aínda de moi boa saúde, pero se queremos que siga existindo cómpre que fagamos o mellor que se pode facer por unha lingua: usala.

Introdución

As ideas e opinións sobre a lingua galega que temos os galegos son moi variadas e, dado que é un asunto que nos compete bastante directamente, case todos temos o noso xuízo ao respecto. E iso está ben, é boa cousa ter unha opinión formada sobre o particular. Pero tamén é verdade que moitas veces as opinións que posuímos non son nosas, son prestadas. A realidade é moi complexa e resúltanos imposible reflexionar a fondo sobre todas as cuestións. De modo que a miúdo máis que formarnos unha opinión en realidade o que facemos é adoptar unha, iso afórranos traballo. E case sempre a opinión que adoptamos soe ser a maioritaria ou a que cremos que comparten a maioría das persoas. O razoamento vén ser este: se case todos pensan así, iso debe ser o correcto. Pero coitado, porque con isto podémonos enganar moi facilmente. Adoptar a opinión que cremos maioritaria nin sequeira nos garante que sexa realmente maioritaria; pode resultar que sexa así no noso círculo de amizades, nesa burbulla imperceptible na que nos movemos, pero que moita outra xente –que non coñecemos– non compartira esa opinión. E tamén pode ser que a opinión sexa maioritaria pero errónea: durante miles de anos todo o mundo “sabía” que a terra era plana. En fin, que é moi fácil enganarse.

A miña intención con estas páxinas e convidarte á reflexión, a pensar honradamente sobre o galego. Espero que a lectura che resulte agradable, que descubras cousas novas e que estas páxinas che axuden a crear unha opinión propia, túa, sobre a lingua galega.

Se temos unha lingua, por que non usala? Por que non en galego? Se xa o falas convidóte a que leas as páxinas que seguen, que quizais che sirvan de reforzo para a túa conduta lingüística actual, e se non o fas, convidóte igualmente a que penses sobre a razón. Por que non en galego? Porque é unha lingua bruta, que soa mal? Ou porque consideras que aprender galego e non inglés é unha perda de tempo? Ou porque falar galego cando hai outros que non o falan é de mala educación? Ou porque cres que non o das falado ben?... A todos estes porqués e bastantes máis atoparás resposta neste libro. Espero que che guste e que ao final che sirva para que poidas opinar sobre o galego con maior fundamento, sexa o que sexa o que ao final ti mesmo decidas.



DESVIACIÓN DE CHAMADA

-¿Sí?

-Ola, bos días. Son Héctor Sabarís. Chamo de parte de Lula, a profesora de francés, que é amiga súa e deume o seu teléfono. Non sei se ela falou con vostede...

-...

-É que estou a facer a miña tese de doutoramento sobre didáctica e ensino en Galiza durante os anos 70 e quería falar con vostede, porque seica foi directora do Instituto de Mondoñedo nesa época.

-Fui. Ya, mire, pero usted habla gallego, verdad?

-Se falo galego? Claro. Pois gustárame intercambiar impresións con vostede. facerlle algunhas preguntas, en concreto en relación con cuestións didácticas do Instituto que vostede dirixía.

-Ya. No, pero mire... Yo, aún esta mañana estuve en Correos ¿sabe?, y había allí una parejita que eran ingleses, fíjese, y resulta que los pobres estaban absolutamente perdidos y no sabían que hacer. ¿Y sabe usted por qué? Porque no entendían nada.

-Xa, de todos xeitos a min o que me interesaría, se non ten inconveniente, e facerlle chegar un cuestionario, e saber, para non molestala máis, se estaría disposta a contestalo. Como lle dixer, as preguntas están relacionadas con...

-No, molestia non es, pero mire, yo no sé si usted me comprendió, lo que quiero decir es que no entendían nada, porque les estaba todo en gallego y tuve que ayudarles yo, a los pobres, para que pudiesen enviar sus postales.

-Xa, pero ese asunto non ten nada que ver co que eu lle digo. Eu só quería saber se estaría disposta a axudarme na miña tese respondendo a ese cuestionario que non ten ningún tipo de preguntas persoais, senón que...

-Pero oiga, ¿es que usted no sabe hablar castellano?

-Pois claro que sei

-Oiga, pues si sabe, ¿por que no me habla en castellano?

-Porque non vexo razón ningunha para facelo; non sei por qué vou falar en castelán se vostede é galega e vexo que me entende perfectamente.

-Ya, pero podría no entenderlo.

-Pero non é o caso. Eu respecto a lingua que vostede utiliza, non pretendo que me fale en galego. E en non acabo de ver a razón pola que teño que falarlle en castelán, cando me entende perfectamente.

-Por educación.

-Por educación, como lle dixeran, tamén podería vostede falar-me a min en galego
Mire, eu non a chamei para discutir cuestións lingüísticas, o único que quería saber é se vostede está disposta a axudarme...

-¿Y no podría usted hablar-me en castellano?

-Podería, claro que podería,-pero non o vou facer porque non vexo razón para facelo.

-D'accord. Alors, á partir de maintenant, comme vous ne voulez pas me parler .espagnol, moi, je vais vous parler en français Alors, débrouillez vous¹.

-Il n'y a pas de problème. Si vous voulez, continuons la conversation en français je n'y vois pas d'inconvénient. Mais je vous répète que je ne regrette d'aucune façon votre droit á parler la langue que vous voulez, C'est vous qui me refusez á moi, le droit de parler en galicien, qui est ma langue. And, if you want, we can also do it in English.²

-Ah si? Pois daquela falamos galego, ou que se cre... Eu tamén sei falalo! E ben que o fago, que meus pais non sabían falar outra cousa e é a lingua que eu mamei de nena. Vaia, ho!

Desviación de chamada en *Males de cabeza* , Fran Alonso

http://vello.vieiros.com/malesdecabeza/males_de_cabeza.pdf